



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E A ASOCIACIÓN XUNTA DE
COFRADÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO PARA A CELEBRACIÓN DA
SEMANA SANTA DE VIVEIRO 2017**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro e ABANCA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ao 30 de xuño de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Asociación Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro para o apoio á celebración da Semana Santa 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Asociación Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización da Semana Santa de Viveiro.

A Semana Santa de Viveiro está considerada como unha das máis fermosas de toda Galicia e destaca polo grande valor histórico e artístico da súas imaxes. É ademais unha das celebracións relixiosas máis antigas da comunidade autónoma xa que se celebra de





xeito ininterrompido dende o século XIII. No ano 1988 acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e no ano 2013 a de Festa de Interese Turístico Internacional.

Segundo.- A Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.





Que non resulta posible promover a concorrència debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a Asociación Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, dado que é a única que organiza a Semana Santa de Viveiro.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos

